



1. MANIFESTO DA AVOGACÍA COMPOSTELÁ NO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Un ano máis a Avogacía Compostelá (Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela) reitera o seu compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, no Día Internacional da Muller.

O tema deste ano é *Son da Xeración Igualdade: Polos dereitos das mulleres*, en conmemoración do 25 aniversario da Declaración e Plataforma de Acción de Pequín, que foi aprobada en 1995 na Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller que tivo lugar en Pequín, China.

O pasado día 4 de marzo, Victoria Ortega, presidenta do Consejo General de la Abogacía Española, xunto coa delegada do Goberno contra a violencia de xénero, Victora Rossell, presentaron durante a inauguración do I Encontro Nacional de Mulleres Profesionais o estudo anual publicado pola Unión Profesional co gallo do Día Internacional da Muller. Nel destácase que existe un lixeiro avance na redución da diferenza salarial entre profesionais, non obstante, no caso das profesións intelectuais, como a nosa, a redución experimentada neste pasado ano 2019 é de tan **só unha décima, ata o 16,52 %**, polo que aínda queda camiño que percorrer.

Pola contra, o que si medrou de xeito notable é o número de mulleres profesionais que, no ano 2019, supón o 66,33 % do total, incremento do que tamén é boa mostra o noso propio Colexio, no que, a día de hoxe, a porcentaxe de avogadas exercentes é dun 49,5 % do censo.

Baixo esta perspectiva, na que, sen dúbida, imos avanzando cara a unha igualdade real, dende o Colexio queremos manifestar o noso firme propósito de continuar formando parte do proceso de consecución dos obxectivos de igualdade, non só nos espazos propios do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, senón traballando intensamente para que este obxectivo se acade en todos os ámbitos da sociedade civil da que formamos parte, **porque sen igualdade non hai xustiza!**

2. RECORDATORIO DE XORNADA: “CONFERENCIAS SOBRE RESPONSABILIDADE CIVIL DA AVOGACÍA”

Día: xoves, 12 de marzo

Hora: 18.30 h

Lugar: salón de actos

Prazas: 100, que se adxudicarán **por orde de inscrición**

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA de Santiago

Inscrición e prazo: por teléfono (981 581 713), fax (981 581 132) ou correo electrónico (icasantiago@icasantiago.org) **ata o día 11 de marzo ás 14.00 h**

Programa de relatorios:

- “A recente xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre responsabilidade civil e seguro”. **José Luis Seoane Spiegelberg**, maxistrado do Tribunal Supremo



- “A responsabilidade civil do avogado/a e a sociedade profesional”. **Gonzalo Iturmendi Morales**, avogado e secretario xeral da Asociación Española de Gerencia de Riesgos y Seguros
- “Principais aspectos do contrato de seguro de responsabilidade civil para o exercicio da avogacía”. **Roberto Botana Castro**, avogado e colexiado do ICA Santiago

3. RECORDATORIO DE XORNADA: “OPTIMIZACIÓN DO BAREMO DE TRÁFICO E FERRAMENTAS PARA MELLORAR AS INDEMNIZACIÓNS DAS VÍTIMAS”

Día: martes, 31 de marzo

Hora: 19.00 h

Lugar: salón de actos

Prazas: 100, que se adxudicarán **por orde de inscrición**

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA de Santiago

Inscrición e prazo: por teléfono (981 581 713), fax (981 581 132) ou correo electrónico (icasantiago@icasantiago.org) **ata o día 30 de marzo ás 14.00 h**

Programa de relatorios:

- “Presentación da Asociación e do seu labor en prol das vítimas”. **Francisco Canes Doménech**, presidente de Asociación DIA
- “Ferramentas para a mellora das indemnizacións. Arts. 105-112 LRCSCVM”. **Elena Fernández Cuadrado**, coordinadora responsable do departamento legal de Asociación DIA
- “Cuestións prácticas sobre a aplicación da psicoloxía ao baremo”. Psicólogo/a forense, pendente de confirmar